



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

## DECRETO DE ALCALDÍA

<b>ASUNTO:</b>	<b>MODIFICACIÓN TRIBUNAL DE PROCESO SELECTIVO</b>
	<b>BOLSA DE TRABAJO AXENTE DE IGUALDADE</b>

Considerando os seguintes antecedentes de feito:

- Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte na selección por concurso oposición para a formación bolsa de traballo de persoal laboral temporal como axente de igualdade, aprobado por decreto desta alcaldía núm. 157/2021 de data 03/05/2021.
- Decretado pola Alcaldía o acordo de aprobación de lista definitiva de aspirantes admitidos e nomeamento de tribunal: Decreto núm.192/2021 de data 27.05.2021.
- Visto que no antedito decreto, no acordo terceiro, se designa concretamente ao seguinte tribunal:

**“TERCEIRO.-** Nomear os seguintes membros do Tribunal cualificador en aplicación da base sétima da convocatoria aprobada por decreto alcaldía núm. 157/2021 de data 03/05/2021 para selección por concurso oposición formación bolsa de traballo de persoal laboral temporal como axente de igualdade:

*-Presidente: A traballadora social do Concello de Boimorto, M.<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo.  
Suplente presidente: A Traballadora social do Concello de Sobrado, M.<sup>a</sup> Ermitas Sánchez González.*

*-Vogais:*

*1º vogal: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto, Ana M<sup>a</sup> Vallo Camba.*

*Suplente 1º vogal: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques, Mónica Seijas Rey.*

*2º vogal: O Técnico deportivo do Concello de Boimorto, César Buján Barral.*

*Suplente 2º vogal: A animadora cultural do Concello de Santiso, Teresa Mato Martínez.*

*3º vogal: A Técnica en Intervención Familiar do Concello de Vilasantar, Ana Belén Vázquez Garea.*

*Suplente 3º vogal: A traballadora social do Concello de Toques, Guadalupe Vázquez Ascariz.*

*-Secretario: o do Concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.”*

Resultando que o funcionario designado como secretario do tribunal non pode comparacer por motivos que imposibilitan a súa presenza no proceso selectivo exercendo as funcións propias do cargo ao cal se designa.

En consecuencia, en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Modificar o nomeamento dos membros do tribunal avaliador para o proceso selectivo indicado acordado mediante decreto de Alcaldía núm.192/2021 de data 27 de maio, concretamente o posto de secretario do tribunal, designando ao efecto a seguinte funcionaria:

- Dona María Luisa Cacharrón Souto, funcionaria de carreira do Concello de Boimorto.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo e dar traslado a antedita funcionaria de todas as convocatorias do tribunal do que agora exerce funcións como secretaria aos efectos do seu coñecemento.

**TERCEIRO.-** Publicar este decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios do mesmo para o seu xeral coñecemento por parte de todos os interesados no expediente.

***Decreto un a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado***